

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE SOBRE A INTERPRETACIÓN DE DETERMINADOS ARTIGOS DA NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE ESTUDOS OFICIAIS NA UDC

(Texto consolidado)

A "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de estudos oficiais na UDC", foi aprobada polo Consello Social con data de 04/05/2017.

Transcorridos cinco anos dende a súa aprobación, o seu desenvolvemento práctico evidenciou certos problemas de interpretación que deben ser aclarados para os efectos de establecer unha forma de actuar común entre os diferentes órganos da Universidade encargados da súa aplicación.

En concreto, estas instrucións diríxense, por un lado, a interpretar os artigos 3, 5 e 12 da dita Norma, en relación aos efectos do incumprimento das condicións de permanencia para os alumnos de continuación de estudos e, por outro, a establecer, con carácter provisional previo a unha futura regulación específica, a interpretación das dispensas de asistencia a clase reguladas nos artigos 6 e 7 en relación aos estudantes a tempo completo.

I. Instrución sobre a interpretación dos artigos 3, 5 e 12.

O artigo 3, nos seus apartados 2, 3 e 4, e o artigo 5 da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e permanencia e progresión dos estudantes de estudos oficiais na UDC" establecen os requisitos de progresión académica que deben de cumprir os estudantes de continuación de estudos de Grao e os estudantes de Máster de primeiro curso por primeira vez e de continuación de estudos, respectivamente, recollendo o seguinte:

Artigo 3. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos de Grao.

- [...]. 2. Os estudantes de continuación de estudos, matriculados a tempo completo, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres cursos académicos.
3. Os estudantes de continuación de estudos, matriculados a tempo parcial, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres cursos académicos.
4. Aquel estudante que non cumprise os requisitos mencionados nos apartados 1, 2 e 3 anteriores, non poderá proseguir os mesmos estudos na UDC. Non obstante poderá cambiar de universidade e/ou de titulación conforme se dispón no artigo 11 desta Norma.

Artigo 5. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos de Máster Universitario.

1. Os estudantes de primeiro curso, por primeira vez, matriculados en réxime de dedicación a tempo completo, deberán superar nese curso académico polo menos 18 créditos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 12 créditos no primeiro ano académico no que estivesen matriculados.
2. Os estudantes de primeiro curso, por primeira vez, matriculados en réxime de dedicación a tempo parcial deberán superar nese curso académico polo menos 12 créditos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 6 créditos no primeiro ano académico no que estivesen matriculados.
3. Os estudantes de continuación de estudos, matriculados a tempo completo, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada dous anos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 60 créditos cada tres anos académicos.

Código Seguro De Verificación	FKoiWzszE+MTkAPJLM6gyg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	26/04/2023 12:47:28
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FKoiWzszE+MTkAPJLM6gyg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



4. Os estudantes de continuación de estudos, matriculados a tempo parcial, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada dous anos académicos. Se o título no que estivesen matriculados dese acceso a unha profesión regulada, deberán superar un mínimo de 30 créditos cada tres anos académicos.
5. Aquel estudante que non cumprise os requisitos mencionados nos apartados 1, 2, 3 e 4 anteriores, non poderá proseguir os mesmos estudos na UDC. Non obstante poderá cambiar de universidade e/ou de titulación conforme se dispón no artigo 11 desta Norma

O artigo 12 da citada Norma regula os efectos do incumprimento das súas esixencias, ao establecer:

Artigo 12. Incumprimento das normas de permanencia

1. Aquel estudante matriculado na UDC, que non cumpra as condicións de permanencia que establece esta Normativa deberá abandonar os estudos da titulación de Grao ou Máster Universitario no que estea inscrito.
2. Os Decanos e os Directores, tras o informe das comisións académicas correspondentes dos centros ou das titulacións, resolverán, por desconcentración das funcións do Reitor, as situacións e as solicitudes dos estudantes previstas nesta Normativa.
[...].

A lectura conxunta dos artigos anteriormente transcritos xera unha situación de inseguridade xurídica, xa que, por un lado, parece ser taxativa a imposibilidade de continuar os estudos unha vez incumpridos os requisitos de permanencia pero, por outra banda, autorízase a que certas situacións sexan valoradas co obxectivo de levar a cabo un pronunciamento sobre as solicitudes dos alumnos que non se limite a unha mera valoración matemática de créditos superados, senón que inclúa tamén a posibilidade de valorar a existencia de causas que xustifiquen o incumprimento das esixencias da norma, tendo en conta que o apartado 2 do precitado artigo 12 exige a obrigatoriedade de que as comisións académicas evacúen, con carácter previo á resolución do Decano/Director, un informe sobre as situacións e as solicitudes dos estudantes que, en certo modo, podería considerarse vinculante para a toma da decisión.

Esta situación está a orixinar diferencias de interpretación entre os distintos Centros á hora de aplicar a normativa de permanencia ao alumnado, polo que se establece a seguinte interpretación dos efectos do incumprimento das normas de permanencia para os estudantes de Grao e Máster:

1. *As solicitudes de continuación de estudos formuladas polos/as alumnos/as que incumpran os requisitos de permanencia poderán ser resoltas favorablemente polos Decanos/Directores dos Centros, previo informe favorable da Comisión Académica correspondente, cando se acrediten causas que xustifiquen o dito incumprimento.*
2. *A resolución favorable unicamente poderá concederse unha vez, polo que non se poderá autorizar de novo a quen, tras finalizar o curso académico no que se matriculou previa autorización, non acade os requisitos de permanencia exixidos, sen prexuízo do seu dereito aos recursos que procedan. Este extremo deberá ser comunicado na resolución favorable que se emita autorizando a matrícula, para o que se poderá utilizar o seguinte texto:
"Esta autorización excepcional de matrícula unicamente se concede unha vez, polo que, se tras finalizar o curso académico no que se lle autoriza a matricularse non acada os requisitos de permanencia exixidos pola normativa, non poderá emitirse unha nova autorización e deberá abandonar estes estudos na UDC, sen prexuízo do seu dereito aos recursos que procedan".*
3. *Esta instrución non será de aplicación á situación prevista no artigo 3.1 da Norma, polo que os estudantes que obtiveran a autorización a matricularse tras incumprir os requisitos de permanencia como alumnos de primeiro por primeira vez, se non acadan os requisitos de permanencia na segunda oportunidade que se lles concedeu non poderán ser autorizados a unha nova matrícula, sen prexuízo do seu dereito aos recursos que procedan.*

Código Seguro De Verificación	FKoiWzszE+MTkAPJLM6gyg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	26/04/2023 12:47:28
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FKoiWzszE+MTkAPJLM6gyg=		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



II. Instrución sobre a interpretación dos artigos 6 e 7.

O artigo 6 da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e permanencia e progresión dos estudantes de estudos oficiais na UDC" establece, ao regular os efectos da concesión da matrícula a tempo parcial, o seguinte:

Artigo 6. Efectos da matrícula en réxime de estudos a tempo parcial.

O recoñecemento da condición de estudante a tempo parcial nos estudos oficiais de Grao e de Máster Universitario da UDC, producirá, polo menos, os seguintes efectos:

[...].

b) O dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial que se establece no apartado 5 do artigo 7, en tanto que non afecte negativamente ao proceso de avaliación do estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da Universidade da Coruña concretarán o alcance da citada dispensa nas súas respectivas titulacións.

[...].

Pola súa banda, o artigo 7 da mesma Norma establece, cando regula a concesión das dispensas académicas, o seguinte:

Artigo 7. Solicitud.

[...].

5. Os estudantes a tempo parcial poderán solicitar aos Decanos e Directores dos centros responsables da súa titulación, ou aos Coordinadores dos Másters, no seu caso, a dispensa académica que lles exima da asistencia a clase daquelas materias, ou partes de materias, nas que se admita a citada dispensa na súa guía docente; porén en todo caso serán avaliados polo sistema de avaliación continua. A solicitud de dispensa poderá realizarse no momento de remitir a documentación xustificativa mencionada no apartado 1 deste artigo.

A norma non prevé esta posibilidade para os estudantes matriculados a tempo completo, quizais, por considerar que os alumnos matriculados a tempo parcial atópanse en determinadas circunstancias que impiden o desenvolvemento máis continuo dos seus estudos.

Aínda que non existe unha prohibición expresa, esta consideración, sen embargo, obvia a posibilidade de que un alumno matriculado a tempo completo se atope nalgunha das circunstancias que lle permitirían obter a concesión de matrícula a tempo parcial e que, aínda que estas circunstancias non lle impiden un desenvolvemento continuo dos seus estudos, si que lle dificultan a asistencia ás clases, o que supón que se prexudica a quen desexa avanzar nos seus estudos cunha maior celeridade (tempo completo) en relación a quen desexa utilizar mais tempo para cursar a súa titulación (tempo parcial), atopándose ambos na mesma situación.

Aínda que está prevista a aprobación dunha norma que regule a dispensa de asistencia a clase, na que se contemplarán de modo específico todos os supostos a ter en conta, procede neste momento aprobar unha interpretación que permita evitar o agravio comparativo anteriormente recollido, polo que se establece o seguinte criterio interpretativo sobre a concesión da dispensa de asistencia a clase para os estudantes matriculados a tempo completo:

1. *A dispensa de asistencia a clase, de todo ou parte da materia, unicamente pode concederse no caso de que así estea prevista expresamente na correspondente Guía docente.*

Código Seguro De Verificación	FKoiWzszE+MTkAPJLM6gyg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	26/04/2023 12:47:28
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FKoiWzszE+MTkAPJLM6gyg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





2. Os alumnos matriculados a tempo completo poderán solicitar a dispensa de asistencia a clase sempre e cando acrediten, mediante os xustificantes oportunos, que se atopan nalgún dos supostos recollidos no artigo 8 da "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e permanencia e progresión dos estudantes de estudos oficiais na UDC".
3. A solicitude dirixirase ao Decano/Director/Coordinador do Máster e presentarse no momento de matricularse, polo que será nese momento cando deben concorrer as circunstancias alegadas para a posible concesión da dispensa de asistencia a clase.
4. A concesión da dispensa de asistencia a clase a un estudante con dedicación ao estudo a tempo completo terá unha vixencia temporal dun curso académico. De acordo co exposto, os alumnos de continuación de estudos deberán, no seu caso, solicitar a renovación para cada curso, nos termos, condicións e procedementos establecidos nesta instrución e sempre que concorran e se acrediten as circunstancias necesarias.

A Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente
Nancy Vázquez Veiga

Código Seguro De Verificación	FKoiWzsze+MTkAPJLM6gyg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	26/04/2023 12:47:28
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FKoiWzsze+MTkAPJLM6gyg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

